

NÚM. 2.506

# vida

[www.laregion.es](http://www.laregion.es)

Domingo, 11 de Agosto de 2024

ENVÍANOS  
LAS FOTOS

de tus celebraciones a  
[vida@laregion.net](mailto:vida@laregion.net) o  
al whatsapp 618 490 490  
con el mensaje  
"para publicar  
en el vida"

Semana de fiestas con buena gastronomía: pimientos de Oímbra y de Arnoia, y anguilas en Castrelo de Miño

PÁGINAS 12, 13, 16, 17 Y 23



Hoy se celebra la Festa do Pulpo. Como antesala se volvió a batir récord el pasado martes con su tapa gigante


PÁGINA 15



SANDRA IGLESIAS

## David Pérez descúbrenos o Camiño de San Rosendo

PÁGINAS 2 Y 3



## En confianza

SANDRA IGLESIAS



# Peregrinar polo Camiño de San Rosendo

Unha ruta milenaria e longamente reivindicada. Unha ruta que discorre por espazos naturais únicos e irrepitibles como a Reserva da Biosfera Transfronteriza Gerês-Xurés; onde se seguen os pasos dos romanos pola mesma Vía Nova, e onde se atopan vestixios como os numerosos miliarios, ou os restos de Aquis Querquennis e Aquis Ogeresibu; onde o termalismo convida ao descanso e relax gracias as propiedades das augas mineromedicinais; onde existe un patrimonio senlleiro como a igrexa visigótica de Santa Comba de Bande, a capela mozárabe de San Miguel, ou o mosteiro de Celanova; onde o patrimonio rural sorprende en cada recuncho con lavadoiros, fontes ou canastros como a concentración da Merca, a segunda máis importante de Europa. Un camiño de gastronomía e xentes. Trátase do Camiño de San Rosendo. David Pérez é o presidente da Asociación Amigos do Camiño Xacobeo de San Rosendo e da Rainha Santa, e fálanos deste trazado que está en estudo de ser declarado Camiño Xacobeo.

MÓNICA V. LOPO. OURENSE  
vida@laregion.net

**O primeiro, e esencial, paso é ubicar o trazado. Por onde discorre o Camiño de San Rosendo?**

Un bo punto de partida é Braga, unha cidade fascinante e chea de historia, importante núcleo relixioso e punto referente para milleiros de turistas que se achegan cada ano a descubrir. Pero para aqueles que queren comezar a ruta desde o considerado “Km. 0”, deben comezar na localidade de Santo Tirso, ubicado nas inmediacións de Porto, lugar de nacemento de San Rosendo e onde aínda se conserva a pía bautismal do Santo. Por terras lusas, o camiño discorre por Amares e Terras do Bouro, seguindo o trazado da Vía Nova e atravesando a Reserva da Biosfera Transfronteriza Gerês-Xurés para adentrarse en Galicia por Portela do Home, Lobios. Continúa por Muíños, Lobeira, Bande, Vereia, Celanova, A Merca e San Cibrao ata chegar a Ourense, onde enlaza coa Vía da Prata. Son 248 km. dende a Sé (Catedral) de Braga, e ao redor de 57 km. máis se decidimos iniciar a peregrinación dende Santo Tirso. Inicio cunha poboación potencial de máis de dous millóns de persoas.

**Quen foi San Rosendo e a que se debe a súa importancia?**

Se falamos en termos de hoxe en día, poderíase considerar un “influencer” en toda regra. Foi un dos grandes protagonistas da política e a relixión da Península na Alta Idade Media, foi bispo de Mondoñedo, unha peza clave no nacemento do fenómeno Xacobeo, fundou o mosteiro de Celanova, e está considerado como o segundo santo máis importante de Galicia tras o mesmo Santiago.

**Ata onde se remonta a historia deste Camiño?**

Segundo atestiguan os documentos, o camiño foi empregado no medievo polos peregrinos que ían de Braga

### PERFIL

#### Nome

David Pérez López

#### Lugar e data de nacemento

Bande, 28/12/1972

#### Cargo

Presidente da Asociación Amigos do Camiño Xacobeo de San Rosendo e da Rainha Santa. Arqueólogo... e barman do Bar A Benita (risas)

a Santiago. Un trazado que segue os pasos dos romanos que ían de Braga a Astorga pola coñecida como Vía Nova ata Santa Comba de Bande. Alí, en Aquis Querquennis enlaza con outra vía secundaria romana ata chegar a Ourense.

**Este é entón un camiño que fará que os peregrinos viaxen a máis de 2000 anos atrás na historia.**

Efectivamente. E como testemuña, saíran ao seu paso numerosos miliarios como a concentración deles en Portela do Home e outros moitos reconvertidos en cruceiros, bases de pías bautismais, ou en pedestais dos altares das igrexas. Tamén as “mansio” e “mutatio”, lugares de descanso das tropas romanas, como son os xacementos de Aquis Ogeresibus ou Aquis Querquennis. Restos romanos que se repiten a ambos lados da raia.

**Romanos que tamén puideron gozar das propiedades das augas termais, un aliciente máis para os peregrinos que sigan esta ruta.**

As termas de Lobios e Bande son, sen dúbida, un importante atractivo, tanto para peregrinos, como para turistas e veciños que, de toda a vida, aproveitaron os beneficios das augas termais das que tanto gozaban xa os romanos. Do outro lado da fronteira, tamén existen numerosas surxencias termais.

**Se seguimos camiñando pola historia, segue**

## En confianza

### EN IMAXES...

① Un momento do acto reivindicativo en Celanova.



② Membros da Asociación Amigos do Camiño Xacobeo de San Rosendo e da Rainha Santa.



#### aparecendo un extenso patrimonio a cada paso.

Hai dúcias de igrexas, recoletas capelas, cruceiros, petos de ánimas, escudos en casas señoriais... por non falar da arquitectura popular en forma de lavadoiros, fontes e canastros, como a concentración deles que se ubica na Merca, sendo a segunda de toda Europa. Pero á hora de subliñar algunha das súas riquezas, temos que falar da igrexa visigótica de Santa Comba de Bande, unha xoia onde aínda se conserva o sepulcro de San Torcuato, un dos varóns apostólicos de Santiago, e cuxos restos descansan entre Celanova e a localidade irmá da vila, Guadix. En Celanova, o seu imponente mosteiro barroco, cos seus fermosos claustros, a icónica fachada, a igrexa cun coro único e un órgano en funcionamento no que aínda se ofrecen concertos a cargo de especialistas, así como a capela de San Miguel, unha das poucas obras que se conservan da arquitectura mozárabe. Na Merca, na igrexa de Paio de Muñiz descansan os restos Señor de Paio Muñiz, don Pedro López Mosquera Vilar e Pimentel, nun imponente sartergo. E, en San Cibrao, na capela de Santo Cristo, un miliario soporta o altar.

Así, a grandes rasgos, porque podería seguir... (risas).

#### E aínda non nos falou da riqueza natural que percorre.

Son moitos e moi fermosos os recunchos que saen o paso do peregrino, as pozas de auga fresca nas que darse un baño, as fervenzas, os camiños entre muros históricos... neste senso só che direi que é o único Camiño que une dous países a través dunha Reserva da Biosfera: a Transfronteriza Gerês-Xurés, con todo o que elo conleva. Flora, fauna, lugares case máxicos, restos de castros e mámoas -das que aínda non che falara-...

#### Xa ubicados cunhas pinceladas xerais, fálenos da Asociación Amigos do Camiño Xacobeo de San Rosendo e da Rainha Santa.

A asociación naceu fai algo máis de catro anos con xente de Terra de Celanova e a Baixa Limia co principal fin de recoller todo o que anteriormente sementaron colectivos e particulares de cara conseguir dar visibilidade e reivindicar o trazado histórico do Camiño de San Rosendo como Camiño Xacobeo. Co nacemento deste ente deuselle un pulo máis ao traballo e esforzo pasado

creando un logotipo que nos identifique; a elaboración de folletos informativos, creación de páxina web, redes sociais e de pegatinas para ubicalas en establecementos e edificios simbólicos dos lugares por onde discorre o camiño; lograr a implicación dos concellos por onde discorre -todos a unha, así como da administración pública como a Deputación e o Inorse; maior achegamento cos municipios lusos por onde pasa a ruta, afianzando lazos e poñendo en común o futuro que queremos para o Camiño e facendo xornadas de intercambio; fixéronse diferentes actividades divulgativas, tamén en colexios, organizáronse peregrinacións por tramos, e, o máis recente, a Gran Peregrinación; conseguimos que a Igrexa o recoñecese, e que o CSIC Padre Sarmiento, a instancia da Xunta, levase a cabo unha investigación que, xunto a documentación aportada, será a que determine se o Camiño se converte en Xacobeo.

#### Unha aposta na que se percibe a preocupación por conseguir que os propios veciños sexan os mellores embaixadores desta ruta.

Son imprescindibles. Sen a súa implicación, sen que

#### “O Camiño de San Rosendo é un convite aos peregrinos a percorrer unha ruta chea de riquezas”

saiban deste camiño e o seu valor, nada é posible. De aí achegarnos aos colexios da zona para que os máis cativos saiban desta ruta e convocar o concurso de debuxos, “Debuxa o teu Camiño”, ir a cada concello con charlas informativas para as que contamos coa axuda do investigador e escritor Manuel Rivero; organizar con Mira Xurés peregrinacións por tramos para facer o camiño, e a organización da nomeada Gran Peregrinación, na que máis de medio milleiro de persoas camiñaron á vez por diferentes tramos do Camiño de San Rosendo - o lema era “Oito camiñatas, unha reivindicación”- ata xuntarse na Praza Maior de Celanova onde se presentou o certificado Rudesindus.

#### O certificado Rudesindus?

A idea xurdiu, precisamente, das xornadas de confrater-

nización levadas a cabo cos veciños de Portugal. É un diploma que acredita a realización deste Camiño desde Santo Tirso a Celanova, ademais de simbolizar a irmandade de dous territorios.

#### Con todo, ata que se declare Xacobeo, os peregrinos tamén poden acadar a súa Compostela?

Efectivamente, xa que a chegada a Ourense, os peregrinos que veñan desde terras lusas unéñense á Vía da Prata, Camiño Xacobeo e que conta cos quilómetros necesarios para obter a Compostela que acredita a peregrinación.

#### En que está traballando agora mesmo a asociación?

Estamos de descanso (risas). A verdade é que estamos á espera de que o CSIC nos informe dos resultados dos seus estudos e da documentación que presentamos sobre a posibilidade de declaralo Xacobeo ou non. Somos varios camiños os que buscamos este recoñecemento e cada un ten as súas razóns para obte-lo. Será o CSIC o que decida. Paralelamente, estamos á espera da execución da sinalización unificada que xa temos aprobada a través do Inorde gracias o pulo e implicación incondicional de to-

dos os concellos polos que discorre o Camiño. Outro fito que se conseguiu nestes anos e do que estamos moi orgullosos, xa que somos conscientes da importancia de que o peregrino se sinta seguro á hora de camiñar. A sinalización que hai ata agora, se ben é clara e correcta, non segue a estética que nos gustaría ofrecer. Pero agardamos que en breve se poñan en marcha estes traballos.

#### Ser declarado Camiño Xacobeo é sen dúbida un fito histórico para a Baixa Limia e a Terra de Celanova en xeral.

Sería moi beneficioso. Agora que tanto se fala do rural, do despoboamento, da falta de saídas nos pobos e de como se van esmorecendo, que un Camiño Xacobeo, e transfronterizo, discurra pola nosa terra penso que fará que se revirta, ou polo menos se free, esa tendencia. Faría falta aloxamento (xa contamos con albergues en Lobios, Bande e Celanova), lugares onde comer ou mercar, e só o paso de xente traería riqueza, así como eles se levarían a riqueza da nosa xente.

#### Eu estou convencida, pero por se alguén ten algunha dúbida, porque peregrinar por este Camiño?

Falei moito de moitas cousas, pero non imaxinas aínda todo o que queda por decidir e por descubrir por un mesmo! Algo que creo que tamén é moi positivo para a xente que ten percorrido diferentes Camiños Xacobeos, é que esta é unha nova alternativa, non masificada, moi natural e, como dixen, con moitos atractivos senlleiros. Desde as termas a unha capela mozárabe; de pasar pola Reserva da Biosfera Transfronteriza Gerês-Xurés ata o imponente mosteiro de Celanova; da riqueza popular a unha boa gastronomía... e, como non, a súa xente. Sei que soa a tópico, pero se dixera outra cousa, mentiría... (risas).